

ASEMBLEA ORDINARIA

Nos locais da Avda. Sanjurjo Badía, de Vigo (Pontevedra), ás 19,00 horas do día 2 de abril de 2022, dáse inicio á Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación Xaruma, tratándose os seguintes puntos:

- 1.- Saúdo do presidente. Explicación da dinámica da asemblea.
- 2.- Presentación do equipo da Asociación. O Presidente explica que cos recortes nalgunha subvención habitual, contamos con menos persoal e iso implica contar agora con lista de espera de usuarios/as.
- 3.- Lectura e aprobación por unanimidade dos socios/as participantes, da acta da anterior asemblea celebrada o 13 de marzo de 2021.

4.- Presentación da contabilidade do ano 2021 por parte do secretario da Asociación. O 2021 pechouse cunha suma de Activo e Pasivo de 62.810,73 eur e unha perda de 26.783,48 eur.

Os ingresos por actividades ascenderon a 25.539,50 euros e as subvencións concedidas ascenderon a 117.912,43 eur. A 31/12/21 quedaban pendente de cobro 14.095,51 eur das subvencións de Benestar e Fomento de Emprego do Concello de Vigo e tamén a de Servizos Sociais da Deputación.

O saldo nas contas bancarias a 31/12/2021 ascendía a 12.015,84 eur.

As contas atópanse auditadas a 31/03/2022 pola empresa TBA Audit.

Tamén expónse que o orzamento para este ano 2022 ascende a 152.440,00 euros.

Tanto as contas anuais de 2021 como o orzamento para o 2022 apróbanse sen obxección algunha por parte dos/as participantes.

A contabilidade do 2021 quedará exposta na páxina web da Asociación, no apartado de "Transparencia".

5.- O presidente comunica que o número actual de socios/as ascende a 170 e confirma o mantemento das cotas mensuais dos socios/as para o 2022: 5 eur/mes.

6.- Proxección dun vídeo co resumo de actividades desenvolvidas no 2021 e de fotos do proceso de reforma do piso.

A memoria de actividades do 2021 quedará exposta na páxina web da Asociación, no apartado de "Transparencia".

7.- Se presenta o plan de actuación para o 2022, detallándose os programas “Naturalmente”, “Fiases” e “Roteiros Prelaborais”. Tamén se comenta as próximas actuacións no piso: instalación de plataforma de acceso ao piso e cambio do tellado. O presidente xustifica o incremento de 5 euros nas cotas por actividades a partir do mes de maio.


O proxecto de actividades do 2022 quedará exposto na páxina web da Asociación , no apartado de “Transparencia”.

8.- Lémbrese a sinatura indistinta para o emprego de contas bancarias e solicítase autorización dos/as socios/as participantes para que a Xunta Directiva poida seguir tramitando as oportunas solicitudes de subvencións públicas e privadas como poden ser por exemplo Concello de Vigo, Deputación, Xunta, La Caixa e outras. Tamén solicítase autorización para que se manteñan as dúas tarxetas bancarias de débito a nome de Ignacio Valverde Viqueira como presidente e Tania Vázquez Corbacho como persoal autorizado, para facilitar os pagos cotiáns da Asociación. As dúas propostas son autorizadas.

9.- O presidente comenta ao igual que en anteriores anos, a posibilidade de remuneración á membros da Xunta Directiva por docencia en cursos de formación (aspecto recollido nos estatutos), asunto que se aproba por unanimidade.

10.- No apartado de suxestións, o presidente quere agradecer moi especialmente o esforzo e adicación dos traballadores/as na situación actual derivada da Covid-19.

Sen máis temas que tratar se levanta a sesión as 19,45 horas.


Asdo. Enrique Carrera Soto
Secretario Asociación Xaruma

Firmado digitalmente por VALVERDE VIQUEIRA
IGNACIO - 36100826A
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES,
serialNumber=IDCES-36100826A,
givenName=IGNACIO, sn=VALVERDE VIQUEIRA,
cn=VALVERDE VIQUEIRA IGNACIO - 36100826A

Asdo. Ignacio Valverde Viqueira
Presidente Asociación Xaruma